

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 27 DE DECEMBRO DE 2021.

PRESIDENTE:

O alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro

ASISTENTES:

D.^a María Guadalupe Pombo Carril
D. Juan Carlos Iglesias Lovelle
D.^a Marta María Figueroa Fuentes
D. Carlos Liñares Gestal
D.^a Marta María Iglesias Becerra
D. Abraham Seijas González
D.^a Yessica Méndez Sánchez

INTERVENTORA MUNICIPAL:

D.^a Vanessa García Barreiro

SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL:

D. Javier Varela Tejedor

Na Casa Consistorial do Concello de Culleredo (A Coruña), sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día vinte e sete de decembro do ano dous mil vinte e un, reúnese a Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria, co obxecto de celebrar sesión ordinaria baixo a Presidencia do Sr. alcalde, D. José Ramón Rioboo Castro, e coa asistencia dos/as Sres./as concelleiros/as, D.^a María Guadalupe Pombo Carril, D. Juan Carlos Iglesias Lovelle, D.^a Marta María Figueroa Fuentes, D. Carlos Liñares Gestal, D.^a Marta María Iglesias Becerra, D. Abraham Seijas González e D.^a Yessica Méndez Sánchez.

Asiste á sesión a Sra. interventora municipal, D.^a Vanessa García Barreiro.

Actúa como secretario o Sr. secretario xeral accidental do Concello, D. Javier Varela Tejedor

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 107 do Regulamento Orgánico Municipal (BOP núm. 162 do 16-07-2004) para a válida celebración das sesións, declara aberta a sesión, pasándose ao estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

C.I.F. P-1503100-H

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA EN DATA 20 DE DECEMBRO DE 2021

De conformidade co preceptuado no artigo 79.1 e 107.4 do ROM, (BOP núm. 162 do 16-07-2004), a Presidencia pregunta se existe algunha obxección ou observación á acta da sesión ordinaria celebrada en data 20 de decembro de 2021, da que se entregou copia do borrador coa convocatoria desta sesión, e non producíndose ningunha, pola Presidencia sométese a votación ordinaria a súa aprobación, sendo aprobada por unanimidade.

Á vista do resultado da votación, declárase aprobada a acta da sesión ordinaria realizada en data 20 de decembro de 2021.

2.- DACIÓNS DE CONTA.

2.1.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS. PUBLICACIÓNS OFICIAIS.

A Presidencia dá conta aos asistentes á Xunta de Goberno Local das seguintes publicacións:

Publicacións:

- Lei 19/2021, de 20 de decembro, da Xefatura do Estado, pola que se establece o ingreso mínimo vital. BOE núm. 304 do 21-12-2021.
- Orde do 3 de decembro de 2021 da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, pola que se establecen as bases reguladoras das axudas, en réxime de concorrencia competitiva, para a conservación, protección e mellora das árbores e formacións incluídas no Catálogo galego de árbores senlleiras, e se convocan axudas para o ano 2022 destinadas ás entidades locais (código de procedemento MT804B). DOG núm. 243 do 21-12-2021.

Código do documento	Código do expediente
USG15I044R	USG/2021/215
Código de Verificación Electrónica (COVE)	
	
655R 0A2V 471M 030H 0A7U	

- Anuncio do Concello de Culleredo, do 14 de decembro de 2021 relativo ao cambio de uso dunha parcela. DOG núm. 243 do 21-12-2021.
- Anuncio do Concello de Culleredo - Tesourería- de data 17 de decembro de 2021, relativo á exposición pública de padróns do prezo público polas prestacións de apoio á autonomía persoal e atención á dependencia (PAAI) do mes de marzo e abril de 2021 (SAF). BOP núm. 242 do 22-12-2021.
- Anuncio do Concello de Culleredo- Economía, Facenda e Réxime Interior- de data 15 de decembro de 2021, relativo á aprobación da Oferta de Emprego Público 2021 e OEP complementaria Real Decreto-Lei 14/2021. BOP núm. 242 do 22-12-2021.
- Anuncio da Deputación Provincial da Coruña -Secretaría Xeral. Servizo de Patrimonio e Contratación- de data 10 de decembro de 2021, relativo á consignación de depósitos previos e prezos xustos expediente expropiatorio DP 3104 variante Aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (Culleredo) 2021.1110.0005.0 DP 3104. BOP núm. 243 do 23-12-2021.
- Anuncio da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade -Axencia Galega de Infraestruturas- Servizo Provincial da Coruña- de data 15 de decembro de 2021, relativo á convocatoria actas previas á ocupación e actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto "Fomento da mobilidade sustentable. Itinerario peonil e ciclista na AC-213 na Telva (p.q. 1+840-2+340)", AC/20/009.06.1, Cambre e Culleredo. BOP núm. 245 do 27-12-2021.
- Anuncio do Concello de Culleredo, -Economía, Facenda e Réxime Interior- de data 21 de decembro de 2021, relativo á lista definitiva dos/das aspirantes admitidos/as excluídos/as no proceso selectivo convocado para a cobertura en propiedade dunha praza de conserxe-colexio, persoal funcionario de carreira, polo procedemento de oposición. BOP núm. 245 do 27-12-2021.

C.I.F. P-1503100-H

2.2.- RESOLUCIÓNS E ACTIVIDADES DAS DISTINTAS CONCELLERÍAS DELEGADAS.

Non se presenta ningunha neste punto da orde do día.

3.- ASUNTOS SOBREVIDOS.

Non se somete ningún asunto neste punto da orde do día.

4.- ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formulan.

E non existindo máis asuntos dos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e cincuenta minutos do mencionado día, estendéndose para a debida constancia a presente acta do que eu, secretario xeral accidental, dou fe.

Visto e prace

O alcalde

(Asinado dixitalmente)

(Asinado dixitalmente)